

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 12 DE XUÑO DE 2019.

Asistentes

ALCADESA:

M.^a CRISTINA CID FERNÁNDEZ

CONCELLEIROS

Polo BNG:

BERNARDO VARELA LÓPEZ
M.^a ELENA SUÁREZ ESTÉVEZ
M.^a ISABEL POISA REY
ALBERTO CONDE RODRÍGUEZ
MANUEL CID PÉREZ
FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO LOSADA

Polo PP:

LUZ DOPORTO REAL
JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ

Polo PsdeG-PSOE:

ZAIDA AUXILIADORA RODRÍGUEZ CAMBA

SECRETARIO:

MAXIMINO JARDÓN PEDRAS

---***---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Allariz, cando son as trece horas e trinta minutos (13.30) do día doce de xuño do dous mil dezanove, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros relacionados no encabezamento, baixo a presidencia da Sra. Alcadesa, D.^a M.^a Cristina Cid Fernández, a fin de celebrar unha sesión extraordinaria polo Pleno da Corporación.

Esta sesión convocouse en cumprimento do disposto no artigo 36 do ROF que dispón que “o terceiro día anterior ao sinalado pola lexislación electoral para a sesión constitutiva dos Concellos, os concelleiros cesantes, tanto do Pleno como, no seu caso, da Comisión de Goberno, reuniranse en sesión convocada ao só efecto de aprobar a acta da última sesión celebrada”, artigo 36.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Non asistiron á sesión as concelleiras que a continuación se indican, quenes, previamente, comunicaron a súa ausencia por razóns persoais:

M.^a TERESA DEVESA GRAÑA, concelleira do BNG
OLGA QUINTANA DEVESA, concelleira do BNG
MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ, concelleira do PP.

Sen incidencias.

En cumprimento do acordo adoptado polo Pleno desta Corporación na sesión do 26 de outubro de 2018, en materia de administración electrónica, na que se aprobou a adaptación dos libros de actas e de resolucións a soporte electrónico, a gravación da presente sesión vai efectuarse en modo audio e vídeo que recollerá a literalidade das intervencións. Todos os concelleiros e concelleiras poderán ter acceso directo á dita gravación a través da URL

https://www.youtube.com/watch?v=4TojtABD_I0

Segundo o citado acordo plenario, ademais dos restantes datos preceptivos, a acta reflectirá o contido dos acordos alcanzados.

As gravacións íntegras da sesión quedan depositadas en Secretaría a disposición de todos os membros da Corporación.

---***---

ORDE DO DIA

Único.- ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión celebrada o día 30.04.2019.

Apróbase, sen modificación algunha, pola unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta coporación local.

Seguidamente, a Alcaldesa, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás trece horas e trinta e cinco minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.

A Alcaldesa,
María Cristina Cid Fernández.

O Secretario
Maximino Jardón Pedras.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE